

EXPOSICIÓN



Maeve Díaz Álvarez - 3º ESO B

PROCESO DE ELABORACIÓN

Estes carteis conmemorativos das Letras galegas 2024 dedicadas a Luísa Villalta foron elaborados polo alumnado de Proxecto competencial de 4º ESO A.

En grupos de dúas ou tres persoas levaron a cabo a procura de información sobre a autora e a súa obra, redactaron o texto dos carteis, maquetaron esta información acompañada de imaxes e realizaron unha ilustración relacionada coa temática que tiveron que investigar.

AUTORÍA DOS CARTEIS

O grupo que elaborou os carteis estivo formado por:

Artime Hernández, Érika	Núñez Lago, Alberto
Casas Rodríguez, Xoel	Paz Trelles, Carla
Cortegaza Fernández, Borja	Pérez Díaz, Irene
Fernández Quelle, Alba	Requeijo Fraga, Andrea
Fernández Rodríguez, Hugo	Riopedre Orosa, Ximena
García Carreiras, Ahinara	Sanjurjo Freire, Hugo
Jacomé Martínez, Iria	Sixto Guisasola, Lara
López Díaz, María	Trebolle Basanta, Paula
Lusquiños Mendes, Manuel	Vivero Varela, Javier
Miranda López, Mariana	

CRONOBIOGRAFÍA

Luísa Villalta nace na Coruña en **1957**

Empeza a súa formación no Conservatorio da Coruña-**1965**

Entra a formar parte da Orquestra de Santiago de Compostela- **1985**

Publícase *Concerto para un home só*- **1989**

Publícase *O representante*-**1990**

Traballa como profesora de lingua galega no instituto de Sada-**1991**

Forma parte da Mesa pola Normalización Lingüística, tamén do BNG-**1992**

Publícase *Música reservada*-**1994**

Publícase *Ruído*-**1995**

Publícase *As certezas de Ofelia*-**1999**

Publícase *As chaves do tempo*-**2001**

Publica columnas no semanario A Nosa Terra-**2002/2004**

Morre o **6 de marzo de 2004**

1973/1974- Remata o curso de acceso á universidade

1982- Licénciase en Filoloxía Hispánica e en Galego-Portugués

1988- Aproba o concurso-oposición de agregados de bacharelato

Anos 90- Entra como vogal na directiva da Asociación de Escritores da Lingua Galega

1991-Publícase *Silencio, ensaiamos*

1991-Publícase *O paseo das esfínxes*

1992- Publícase *O Don Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral*

1997- Publícase *Teoría de xogos*

1999- Publícase *O outro lado da música, a poesía. Relación entre ambas artes na historia da literatura galega*

2003- Publícase *Poética Concreción*

2004- Gana o premio de poesía Espiral Maior para galardoar o libro *En Concreto*

Luísa Villalta

NENEZ




INFANCIA NACORUÑA

Luisa Villalta Gómez nace na capital da provincia coruñesa un **15 de xullo de 1957**. Os primeiros anos da súa infancia podémolos encadrar na **casa familiar** ubicada na rúa Vila de Laxe.

Dentro do seu círculo familiar, Luísa é a **filla maior dunha familia de clase media**. O seu pai, profesor mercantil, mais a súa nai, formada en comercio, suscitaríanlles ás súas fillas o **amor pola música**. Isto serviu como unha motivación para que aos **8 anos** comece a súa **formación no Conservatorio de Música da Coruña**. Dezaioito anos despois **consegue a titulación superior de violino**.

No tocante á súa formación escolar, estudou no **colexio das Xosefinas**, mais o seu amor pola **lectura**, a **música** e o **debuxo** espertou nela un sentimento decidido en canto aos seus futuros propósitos.

Á parte de estudar violino, **foi aprender a patinar** en **Riazor**, unha afección que tamén lle gustaba.



Luisa Villalta

XUVENTUDE E ESTUDOS

NO INSTITUTO

Estudou no IES Eusebio da Guarda da Coruña dende o 1968 ata o ano 1973. Alí, encontrou a profesora Maria Teresa Taboada que lle axudou á hora de atopar a súa vocación.

Foi integrante da Orquestra de Santiago de Compostela e despois da Xove Orquestra de Galicia, foi tamén **Titulada Superior en violín**.



NA UNIVERSIDADE

En setembro de 1974 **marchou a Santiago de Compostela, onde se matriculou en Filoloxía Hispánica**.

Logo dos anos de comúns, **especializouse na Subsección de Galego-Portugués**, na que se graduou en 1982.

Ademais, entre os anos 1985 e 1986, estudou primeiro de Alemán na Escola Oficial de Idiomas da Coruña.

OPOSICIÓN

En 1988 aproba o concurso-oposición de agregados de bacharelato e despois **exercera desde 1991 como profesora de lingua e literatura**.



© Xosé Abad



Luisa Villalta

PROFESORA

DOCENTE COMPROMETIDA

Luisa Villalta, tras aprobar en 1988 as oposicións, dedicouse ao ensino e **impartiu aulas en varios centros: no Instituto de Bacharelato Xosé Neira Vilas de Periollo-Oleiros e no I. B. nº 3 de Canido, Ferrol.**

Conseguirá o seu destino definitivo como profesora de Lingua e literatura galega en 1991 **en Sada, no instituto Isaac Díaz Pardo.**

Ela **implicase nas actividades do centro**, na biblioteca, no grupo de teatro, na revista, nos clubs de lectura, nos recitais, na aula de música... Mesmo chega a colaborar en varios manuais escolares de autoría colectiva publicados na editorial Baía.

O alumnado lembra o compromiso docente da escritora, a súa defensa do ensino público e da educación como espazo de liberdade e corrección das desigualdades.

FINAL DO CAMIÑO

Luisa Villalta morreu moi nova, **con tan só 46 anos de idade**, e dunha forma inesperada, producida **por unha meninxite fulminante** na madrugada do 6 de marzo de 2004 na súa casa, mentres durmía.

Agardábana nunha xuntanza da AELG en Compostela e na inauguración dunha mostra en Oleiros con ocasión do Día Internacional da Muller, tamén na exposición Flying Carpet que acollía o seu caligrama con forma na Fundación Torrente Ballester.

Todo foi suspendido e ela **foi enterrada** ao día seguinte **no cemiterio de San Amaro da Coruña.**



Luisa Villalta

POETA

MÚSICA RESERVADA E RUÍDO

En 1991, Luisa Villalta iníciase no ámbito da poesía coa súa primeira obra *Música reservada*. Recolle poemas de temática existencialista escritos durante os anos 80, organizados cunha medita. Pola estreita relación coa **música**, no seu prólogo cita:

“A poesía é a palabra melódica. (...) É a reflexión rítmica sobre a música da existencia, un camiño ao coñecemento.”

Publica *Ruído* en 1995, produto do “ruído” que o mundo produce ao romperse.

ROTA AO INTERIOR DO OLLO

Publicada en 1995, *Rota ao interior do olo* non é un libro de poemas propiamente dito, senón unha “**plaque**” poética que reúne apenas cinco breves composicións. A obra orbita arredor do enigmático **Cadrado de Sator**. Este misterio sementou na autora un interese que a levou a **reflexionar sobre a existencia, o cosmos e o amor. Ademais, os poemas convértese en caligramas de simbólica forma ocular.**



EN CONCRETO

Saíu do prelo en 2004 e representa o cume da escrita e da madurez da autora.

“A poesía é unha patria estraña que me exila e me retén a un tempo.

A patria, un proxecto sinfónico que se empeña na disonancia sen busca. (...)

Quixen, quero, transcreber o que vibra en min, o que escoito. O que é”.

PALABRAS INGRÁVIDAS

Este é o poemario que estaba a escribir como un **almanaque poético**, xa que deixou un poema para cada día deste calendario, chegando só ata o 26 de febreiro, posto que falecería o día 6 de marzo. Isto fai que a obra sexa **testamentaria** e que fose titulada cun dos seus versos pois aínda non lle atribuíra título.

“Palabras, por tanto, falsidade como todos os versos que anteceden.

Mais si as ondas en si mesmas son verdades as palabras tamén se son poema”.

OUTRAS OBRAS

O *papagaio* publícase postumamente, no 2006, obra que combina imaxe e poesía coa colaboración de Francisco X. Fernández Naval e a fotógrafa Maribel Longueira.

Por último, da man da edición de Armando Requeixo, *Pensar é escuro*, recolle os catro títulos que Luisa Villalta dispuxo en vida para as súas publicacións. Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega do noso tempo e consagrárona como unha **creadora singular e inimitable.**

Luisa Villalta

MÚSICA

GRUPO MUSICAL

Formaba parte dun grupo denominado Escaino, no que ela tocaba o violín; Juan Fernán Vello, a percusión; Paulino Pereiro, a frauta traveseira e Luis Pereiro, o clarinete. Realizaban os ensaios na cociña da vivenda da poeta, convocando sonoridades da música galega, da celta e tamén algo de jazz.



DEDICACIÓN Á MÚSICA

En 1965 comezou a formación no conservatorio superior de música da Coruña, onde continuou os estudos ata 1983, especializándose na **aprendizaxe do violín** dende 1977, no que foi titulada superior.

Tamén foi unha virtuosa **integrante da Orquestra de Santiago de Compostela e, posteriormente, da Xove Orquestra de Galicia.**

Tras licenciarse na Universidade de Santiago de Compostela, continúa a súa dedicación á música. No momento no que comezou a ensinar tamén **pasaba tempo na aula de música.**

A súa obra literaria estivo marcada pola relación coa música. Por exemplo, na obra denominada *Música reservada*, a música é o motivo central.

IMPORTANCIA DA MÚSICA

A música foi a ocupación principal na mocidade, obxecto dos primeiros artigos e foco de moitas das reflexións ensaísticas posteriores. Será tamén base da articulación da obra literaria e trazo significativo da súa poética. Nos anos 80 asiste aos encontros literario-musicals que Francisco Pillado e Manuela Vega organizan na súa casa.

Para a escritora a importancia do musical sempre estivo presente.



Luisa Villalta

NARRATIVA

OBRA NARRATIVA

A primeira vez que o nome de Luísa Villalta apareceu como autora dun texto narrativo foi polo seu relato **"A taberna do holandés"**.

En 1991 apareceu **Silencio, ensaiamos**. Nesta última obra, de once historias, trata temas como o **paso do tempo, as caras da existencia, o sentido da escrita, o amor e a morte, o silencio, os soños, a liberdade, o límite do real, o valor da palabra e a escrita**.

O corpus da súa obra narrativa componse tamén das **novelas**:

- **Teoría de xogos (1997)**, que é unha narración **reflexiva e intensa** que dá a entender **a vida como un xogo** onde os cinco protagonistas transitan como 'monigotes' manexados pola man do azar.
- **As chaves do tempo (2001)**, na que retrocede a unha **Galicia medieval** onde acontecen unha **espiral de aventuras** que se poden considerar de dobre lectura.


Ademais, cómpre destacar **unha ducia de relatos publicados en revistas, xornais e obras colectivas** entre o ano 1991 e 2004, **con estrutura dialogada e parateatral**.

AS CHAVES DO TEMPO

No amasillo da grande Cidade Pedro creu ver rostos coñecidos (...). Merlín asegurou que fosen os mesmos ou os seus herdeiros non era cuestión de importancia. "Lembrede: o mundo cambia, o ser humano non. Por esa razón ten a facultade de volver unha e outra vez sobre os seus pasos sen andar máis que de paso por entre o mundo e as súas propias obras. Son os mesmos medos, as mesmas ambicións, o mesmo modo de sentir e tamén, por outra parte, a mesma arela de concordia e xustiza".

TEORÍA DE XOGOS

"O inverno avanzaba. Nunha terra chuviñenta como esta nótanse perfectamente os pequenos choutos que dá o ano cando, de pronto, un día amañece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois dunha tempada, logo outra vaga de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao verán. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre máis espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. Ao saírmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevista e molesta"




Luisa Villalta

DRAMATURGA E TRADUTORA

TEMÁTICA TEATRAL

O teatro de Luisa Villalta ten como temas principais o conflito existencial, o xogo de identidades e aparencias, a escolla do propio camiño e a rebelión fronte ao destino imposto.

Decantouse polo teatro influída pola amizade que mantivo con dúas das grandes personalidades do teatro galego: **Francisco Pillado e Manuel Lourenzo.**



TRADUCIÓNS

Luisa Villalta, pola súa formación de filóloga coñecía o portugués, mais tamén se desenvolvía ben en alemán, inglés, francés e italiano.

Traduciu do italiano ao galego o *Manifesto per un nuovo teatro* de Pier Paolo Pasolini e *La Mandrágora* de Nicolás Maquiavelo.

Tamén se ocupou da tradución ao castelán de poemas de Pura Vázquez, Manuel María, Uxío Novoneyra e Xosé Luís Méndez Ferrín.

OBRAS TEATRAIS

- **Concerto para un home só (1989):** incide nos temas da música e da soidade para recrear a vida dun “home vestido de Fraque” portador dun “violino sen cordas” que se ve na obriga de comunicar ao público asistente a suspensión dun concerto.
- **O representante (1990):** xoga co desdoubramento do personaxe principal, que finxe ser actor e que vive na mentira, situación que alterará a intervención final doutro personaxe, o recepcionista. Polo medio, non poucas reflexións éticas.
- **O paseo das esfinxes (1991):** conxuga a música e a textualidade para conducirnos por un camiño de enigmas onde se perden os amantes, un vieiro que debe percorrer Lisis, a protagonista, que non sabe onde a levará e que agarda por un amor que non dá chegado.
- **As certezas de Ofelia (1999):** Nesta obra a autora recupera o célebre personaxe de Shakespeare (tamén o de CUnqueiro) para crear un xogo de espellos contrapostos entre as accións de Ofelia e Hamlet. Este recurso sérvelle para poñer o foco no tema da vinganza e do conflito. Ofelia, eterna namorada, busca o seu propio eu, opta por casar, pero defende a liberdade das mulleres e o non sometemento aos homes.
- **Os doces anos de guerra (2001):** Trata dunha historia de amor entre David e Silvia. Alén deste idilio amoroso, a obra é sobre todo unha visitación crítica dos tempos da Transición e da represión policial.

Luísa Villalta

ENSAÍSTA E XORNALISTA

ENSAIO

Os ensaios de **Luísa Villalta** son **progresistas, innovadores, defensores do feminismo e dos dereitos dos artistas**. Hai tres títulos principais: ***O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral***, ***O outro lado da música, a poesía***, e ***O libro das colunas***.

O DON HAMLET DE CUNQUEIRO




O Don Hamlet de Cunqueiro, unha ecuación teatral é unha obra publicada no ano **1992**. Trátase dun estudo que afonda na Galicia dos primeiros noventa cunha gran lucidez. Nel analiza *O Don Hamlet* de **Álvaro Cunqueiro**, que está baseado na obra literaria de **Shakespeare**.

O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA

O outro lado da música, a poesía, publicada no **1999**, fala da relación entre ambas artes na historia da literatura galega. Foi unha obra pioneira e ineludible no ámbito dos ensaios galegos. Nela achega a poesía á música. Foi reeditada en **2021** pola **Editorial Galaxia**.

XORNALISMO

O libro das colunas, publicado de forma **póstuma no 2005**, é unha compilación de varias colaboracións a modo de “columnas” xornalísticas, cun prólogo de Xosé Enrique Acuña titulado “Herbaluísa”. **Luísa Villalta** reflexiona e debate sobre diversos temas de importancia, como son a **perda de falantes da lingua galega**, a **crise económica**, as consecuencias do **peche dos medios de comunicación en galego** e o **egoísmo das persoas que impiden o crecemento da sociedade** etc.



Luísa Villalta

RECOÑECEMENTOS

RELEVANCIA DA SÚA OBRA

Luísa Villalta Gómez é unha escritora para facernos pensar o mundo contemporáneo a través dunha obra marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística.

Numerosas son as publicacións e celebracións que están tendo lugar durante os últimos anos e o actual en base ás súas obras:

- Por exemplo, saíu ao mercado Xabón Lagarta, o álbum da formación Banda da Loba, que incluíu entre os seus temas “Fiestras abertas”, que trata sobre as necesidades da amizade.
- A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) convocou no teatro Rosalía de Castro unha gala poético-musical baixo o rótulo “Volver a Luísa Villalta.”




*Hoxe vestín a Cidade como todos os días
e saín polas rúas procurando un abrigo*

Non consigo saber onde puxen o día de onte

Quizá estexa no armario da habitación reformada da casa

ou no patio onde cultivei os meus primeiros cuarenta anos secretos



RECOÑECEMENTOS

- Unha rúa da cidade da Coruña leva o seu nome.
- I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Accésit no Premio de Narración Breve Pedrón de Ouro en 1990, por *A taberna do holandés*.
- Premio Espiral Maior de Poesía 2003, por *En concreto*.
- A Universidade da Coruña creou o Premio Luísa Villalta para as iniciativas de normalización.
- A Deputación da Coruña creou o Premio Luísa Villalta para proxectos culturais a prol da igualdade.
- Dedicatoria dun número da revista do IES Isaac Díaz Pardo de Sada.
- Dá nome á biblioteca do IES Isaac Díaz Pardo de Sada.
- Documental *Luísa Villalta. Paixón e compromiso*.
- En 2022 foi homenaxeada no Día das Galegas nas Letras polo grupo Segá.
- En xuño de 2023, a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024.